## A Veiga

Anuncio

Elevouse a definitivo, por non presentaren reclamacións, o acordo plenario adoptado na sesión de data 22.02.2006, de aprobación provisional do Regulamento de parellas de feito. Faise público en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e a súa disposición transitoria segundo a Lei 25/1988, do 13 de xullo.

Regulamento do rexistro municipal de unións non matrimoniais do Concello da Veiga.

Exposición de motivos:

Unha vez vista a inquietude social que xurdiu ultimamente con respecto a que as parellas de feito vexan garantido o seu dereito á non discriminación social baseándose no que establece o artigo 14 da Constitución, e, considerando que calquera home ou muller ten dereito a constituír por medio dunha unión efectiva estable unha comunidade de vida que dea lugar á creación dunha familia, á protección social, económica e xurídica, a cal deberá ser garantida polos poderes públicos; considerando que existen moitas parellas que se atopan, ou se ven obrigadas, a estar á marxe da forma institucionalizada historicamente que é o matrimonio, sen que por iso teñan que estimarse de peor calidade humana ou social as súas relacións persoais ou de menor entidade xurídica as súas obrigas paternofiliais; e considerando que estas parellas deberían gozar da mesma protección social, económica e xurídica que as unións matrimoniais e as familias por elas orixinadas, para garanti-lo respecto e a promoción dos citados principios fundamentais de libre desenvolvemento da personalidade e de igualdade entre os cidadáns. Por isto, coa finalidade de que poida quedar constancia no ámbito da administración municipal, tanto a efectos de inscrición no padrón municipal de habitantes, como no resto de asuntos ou servizos a cargo do noso Concello, sen prexuízo doutras finalidades que se puidesen considerar lexítimas e sen que en ningún caso isto

poida representar alteración ou intromisión nas competencias que poidan corresponder a outros organismos, como é o recoñecemento doutras formas de proba de existencia de parella coma as actas notariais de convivencia, establécese o presente regulamento.

Artigo 1.-

Créase no Concello da Veiga un Rexistro Municipal de unións non matrimoniais, de carácter administrativo, onde se poidan inscribir, de xeito totalmente voluntario, as parellas que decidan libremente convivir sen estaren casadas.

Artigo 2.-

Inscribiranse as declaracións de unións non matrimoniais entre parellas, solicitadas en instancia subscrita polos dous membros da unión, e trala declaración formal respecto da existencia da unión realizada en comparecencia persoal e conxunta perante a Secretaría Xeral do Concello.

A solicitude e a declaración formalizaranse en modelos normalizados que figuran como anexo ó presente regulamento.

Artigo 3.-

Establécense como requisitos mínimos para a inscrición no rexistro:

a) Ser maiores de idade ou menores emancipados, acreditándose coa fotocopia do DNI ou documentos acreditativos da emancipación, de conformidade co establecido no artigo 314 e seguintes do Código Civil.

b) Non ter sido declarados incapacitados ou estar incursos nas prohibicións recollidas nos artigos 46 e 47 do Código Civil, achegando declaración responsable para tal efecto.

c) Estar empadroados no Concello da Veiga polo menos os últimos 3 meses. Para tal efecto, formulada a solicitude de inscrición, xuntarase unha certificación de empadroamento.

d) Non estar inscritos como parellas de feito no Rexistro de unións non matrimoniais doutro Concello.

e) Non ter parentesco en calquera grao en liña recta por consanguinidade ou adopción ou en liña colateral por consanguinidade ou adopción dentro do segundo grao.

f) Tamén se poderán inscribir, mediante transcrición literal, os contratos reguladores das relacións persoais ou patrimoniais entre os membros destas unións.

g) Así mesmo, e dentro da legalidade, poderanse inscribir outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión non matrimonial.

Artigo 4.-

Co fin de acredita-lo cumprimento destes requisitos, deberán unir á solicitude de inscrición a seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Declaración de non ter relación de parentesco que impida a inscrición.
- Declaración de non estar incapacitado para emiti-lo consentimento necesario.

Artigo 5.-

Calquera modificación posterior dos datos inscritos en canto ó convenio e feitos ou circunstancias deberase efectuar mediante comparecencia persoal e conxunta dos membros da unión de convivencia non matrimonial.

Artigo 6.-

As unións estables obxecto deste rexistro extinguiranse polas seguintes causas:

a) De común acordo.

b) Por decisión unilateral dun dos membros da parella, que será notificada fidedignamente ó outro.

c) Por defunción ou declaración de falecemento dun dos membros da parella.

Artigo 7.-

O Rexistro de unións non matrimoniais do Concello da Veiga estará ó cargo da Secretaría Xeral do Concello e, co fin de garanti-la intimidade persoal e familiar dos inscritos no Rexistro, non se lle dará publicidade ningunha ó contido dos asentos, agás as certificacións que expida a Secretaría Xeral do Concello a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión de feito interesados ou dos xuíces e tribunais de xustiza.

Artigo 8.-

O Rexistro materializarase nun libro xeral, no que se practicarán as inscricións das unións non matrimoniais do Concello da Veiga. Este libro estará formado por follas móbiles, foliadas e seladas, e encabezarase e terminará coas correspondentes dilixencias de apertura e peche.

Artigo 9.-

A primeira inscrición de cada parella terá o carácter de inscrición básica e anexo á folla principal anotarase todo outro asento que se produza con posterioridade no libro xeral principal relativo a cada unión.

Artigo 10.-

O Rexistro terá tamén un libro auxiliar ordenado por apelidos dos inscritos ou inscritas no que se expresará o número das páxinas do libro xeral nas que existan anotacións que lles afecten.

Artigo 11.-

No ámbito competencial do Concello, a inscrición de unións non matrimoniais no rexistro municipal terá a mesma consideración xurídica e administrativa das unións matrimoniais, sen prexuízo doutras formas de proba.

Disposición adicional 1ª.-

O Rexistro municipal de unións non matrimoniais do Concello da Veiga entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Veiga, 20 de abril de 2006. O alcalde.

---

Anuncio

Se elevó a definitivo, por no haberse presentado reclamaciones, el acuerdo plenario adoptado en sesión de fecha 22.02.2006, de aprobación provisional del Reglamento de parejas de hecho. Se hace público en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 17 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre y su disposición transitoria segundo la Ley 25/1988, de 13 de julio.

Reglamento del registro municipal de uniones no matrimoniales en el Ayuntamiento de A Veiga.

Exposición de motivos:

Una vez vista la inquietud social que surgió últimamente con respecto a que las parejas de hecho vean garantizado su derecho a la no discriminación social basándose en lo que establece el artículo 14 de la Constitución, y, considerando que cualquier hombre o mujer tiene derecho a constituir por medio de una unión efectiva estable una comunidad de vida que dé lugar a la creación de una familia, a la protección social, económica y jurídica, la cual deberá ser garantizada por los poderes públicos; considerando que existen muchas parejas que se encuentran, o se ven obligadas, a estar al margen de la forma institucionalizada históricamente que es el matrimonio, sin que por ello tengan que estimarse de peor calidad humana o social sus relaciones personales o de menor entidad jurídica sus obligaciones paternofiliales; y considerando que estas parejas deberían disfrutar de la misma protección social, económica y jurídica que las uniones matrimoniales y las familias por ella originadas, para garantizar el respeto y la promoción

de los citados principios fundamentales de libre desarrollo de la personalidad y de igualdad entre los ciudadanos.

Por esto con la finalidad de que pueda quedar constancia en el ámbito de la administración municipal, tanto a efectos de inscripción en el padrón municipal de habitantes, como en el resto de asuntos o servicios a cargo de nuestro Ayuntamiento, sin prejuicio de otras finalidades que se pudiesen considerar legítimas y sin que en ningún caso esto pueda representar alteración o intromisión en las competencias que puedan corresponder a otros organismos, como es el reconocimiento de otras formas de prueba de existencia de pareja como las actas notariales de convivencia, se establece el presente régimen.

Artículo 1.-

Se crea en el Ayuntamiento de A Veiga un Registro municipal de uniones no matrimoniales, de carácter administrativo, donde se pueden inscribir, de manera totalmente voluntaria, las parejas que decidan libremente convivir sin estar casadas.

Artículo 2.-

Se inscriben las declaraciones de uniones no matrimoniales entre parejas, solicitadas en instancia suscrita por los dos miembros de la unión, y tras la declaración formal respecto de la existencia de la unión realizada en comparecencia personal y conjunta ante la Secretaría General del Ayuntamiento.

La solicitud y la declaración se formalizarán en modelos normalizados que figuran como anexo al presente régimen.

Artículo 3.-

Se establecen como requisitos mínimos para la inscripción en el registro:

a) Ser mayores de edad o menores emancipados, acreditándose con fotocopia del DNI o documentos acreditativos de la emancipación, de conformidad con lo establecido en el artículo 314 y siguientes del Código civil.

b) No haber sido declarados incapacitados o incurrir en las prohibiciones recogidas en los artículos 46 y 47 del Código civil, adjuntando declaración responsable para tal efecto.

c) Estar empadronados en el Ayuntamiento de A Veiga por lo menos en los últimos 3 meses. Para tal efecto, formulada la solicitud de inscripción, se adjuntará una certificación de empadronamiento.

d) No estar inscritos como parejas de hecho en el Registro de uniones no matrimoniales de otro ayuntamiento.

e) No tener parentesco en cualquier grado en línea directa por consanguinidad o adopción o en línea colateral por consanguinidad o adopción dentro del segundo grado.

f) También se podrán inscribir, mediante trascripción literal, los contratos reguladores de las relaciones personales o patrimoniales entre los miembros de estas uniones.

g) Asimismo, y dentro de la legalidad, se podrán inscribir otros hechos o circunstancias relevantes que afecten a la unión no matrimonial.

Artículo 4.-

Con el fin de acreditar el cumplimiento de estos requisitos, deberán unir a la solicitud de inscripción la siguiente documentación:

- Copia del DNI:
- Declaración de no tener relación de parentesco que impida la inscripción.
- Declaración de no estar incapacitado para emitir el consentimiento necesario.

Artículo 5.-

Cualquier modificación posterior de los datos inscritos en cuanto al convenio y hechos o circunstancias, deberán ser efectuadas mediante comparecencia personal y conjunta de los miembros de la unión de convivencia no matrimonial.

Artículo 6.-

Las uniones estables objeto de este registro se extinguirán por las causas siguientes:

a) De común acuerdo.

b) Por decisión unilateral de uno de los miembros de la pareja, que será notificada fehacientemente al otro.

c) Por defunción o declaración de fallecimiento de uno de los miembros de la pareja.

Artículo 7.-

El Registro de uniones no matrimoniales del Ayuntamiento de A Veiga estará al cargo de la Secretaría General del Ayuntamiento y, con el fin de garantizar la intimidad personal y familiar de los inscritos en el registro no se le dará publicidad ninguna al contenido de los asientos, excepto las certificaciones que expida la Secretaría General del Ayuntamiento a instancia exclusivamente de cualquiera de los miembros de la unión de hecho interesados o de los jueces y tribunales de justicia.

Artículo 8.-

El registro se materializará en un libro general, en que se practicarán las inscripciones de las uniones no matrimoniales del Ayuntamiento de A Veiga. Este libro estará formado por hojas móviles, foliadas y selladas, y se encabezarán y terminará con las correspondientes diligencias de apertura o cierre.

Artículo 9.-

La primera inscripción de cada pareja tendrá el carácter de inscripción básica y anexo a la hoja principal se anotará todo otro siento que se produzca con posterioridad en el libro general principal relativo a cada unión.

Artículo 10.-

El registro tendrá también un libro auxiliar ordenado por apellidos de los inscritos o inscritas en el que se expedirá el número de las páginas del libro general en las que existan anotaciones que les afecten.

Artículo 11.-

En el ámbito competencial del Ayuntamiento, la inscripción de uniones no matrimoniales en el Registro municipal, tendrá la misma consideración jurídica y administrativa de las uniones matrimoniales, sin prejuicio de otras formas de prueba.

Disposición adicional 1ª.-

El Registro municipal de uniones no matrimoniales del Ayuntamiento de A Veiga entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.

A Veiga, 20 de abril de 2006. El alcalde.

R. 1.897

## Vilar de Barrio

### Edicto

Unha vez formulada e rendida a conta xeral do orzamento correspondente ó exercicio de 2005 e informada pola Comisión Especial de Contas e Facenda, exponse ó público cos documentos que a xustifican, na secretaría do concello, polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción deste edicto no BOP, co fin de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que consideren pertinentes, durante o dito prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do 212.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Vilar de Barrio, 4 de abril de 2006. O alcalde.